

GUÍA COMENTARIO DE TEXTO

Pasos para realizar un comentario de texto:

1. **Lectura rápida do texto.** Sen pararnos, aínda que non entendamos algunhas das cousas que estamos lendo.
2. **Lectura atenta do texto.** Nunha segunda lectura debemos pararnos en cada termo e en cada oración. Recomendo facer dúas cousas que nos poden axudar a escribir logo o comentario:
 - **Identificar os termos máis importantes do texto.** Temos que ter máis ou menos claro o que significa cada un deles. Podemos subraialos no propio comentario.
 - **Identificar as ideas que se expresan no texto.** Tamén prestar atención á relación que se establece entre as ideas.
 - Entre as ideas sinaladas no paso 2.2., **seleccionar cal é a idea principal ou tese.**
3. Pasar a **escribir o comentario.**

As partes que ten que ter un comentario de texto:

1. **Identificar o autor e a obra.**
2. No mesmo parágrafo que no punto 1, **identificar o tema do texto.** Nesta parte hai que ser conciso, non serve especificar o tema de forma demasiado xeral (p.ex., “o tema do texto é a ética”, non serviría).
3. **Contexto.** Trátase de aportar información relevante para o texto, que nos axude a comprendelo. Normalmente será un contexto histórico, no que falaremos de factores culturais, económicos ou políticos da época do autor. Pero tamén podemos facer un contexto da disciplina na que se enmarca o texto (p.ex., explicamos en que consiste a ética e de que se ocupa).
4. **Resumo e análise de ideas.** Expoñemos as ideas que identificamos coas nosas palabras pero, ademais, debemos analízalas partindo dos nosos coñecementos, sempre buscando aclarar esas ideas. Podemos poñer exemplos, definir algúns dos conceptos presentes no texto ou expoñer os contidos que coñezamos sobre a filosofía do autor. É importante que o que escribamos estea relacionado co texto.
5. **Estrutura do texto.** Podemos dicir como se conectan as ideas no texto. Esta parte podémola integrar na anterior ou facela por separado.
6. **Crítica das ideas e/ou tese do texto.** Pode ser unha crítica positiva ou unha crítica negativa. Pode ser a nosa opinión ou a opinión doutros autores que coñezamos.
7. **Conclusiones.** Volvemos a comentar de forma moi resumida que se di no texto e as nosas críticas. Tamén pode quedar ben comentar por que esas ideas son importantes.